

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O MOTOCLUB MÓVETE NA MOTO, PARA O DESENVOLVEMENTO DA 1ª PROBA DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE ENDURO 2023

---

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Angel Arca Canda, con documento nacional de identidade número 76822667-E, Presidente do Motoclub MÓVETE na Moto, con domicilio en Lalín, en Lugar de Os Carballiños, Vilatuxe nº 15, 36519, Lalín Pontevedra, con CIF G36511897, co número de Rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte C-08659.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

### EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica, no artigo 31.5 das Bases de execución do orzamento municipal prorrogado para o ano 2023.
- IV. Que o Concello de Santiago, para levar a cabo, coa colaboración do MOTOCLUB MÓVETE NA MOTO (en adiante MÓVETE NA MOTO), o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento municipal 2022 prorrogado para o ano 2023, achegando a cantidade de **vinete mil euros (20.000.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890025.

E, polo que as partes

### CONVEÑEN

**1º.-** Que é obxecto deste convenio a colaboración entre as partes para a promoción do deporte na cidade e, en particular, da práctica e difusión do enduro a través da realización da 1ª proba do Campionato de España de Enduro 2023. Polo que MÓVETE NA MOTO comprometeuse a organizar e desenvolver esta actividade deportiva, que tivo lugar os días 17, 18 e 19 de febreiro en varios espazos da cidade e nas inmediacións do estadio Verónica Boquete de San Lázaro.

**2º.-** MÓVETE NA MOTO, como organizador do evento, fíxose cargo dos medios materiais e humanos precisos para o bo funcionamento da actividade co fin de garantir un correcto desenvolvemento da mesma, ademais de definir e aplicar unha normativa xeral de competición ou regulamento particular que preservou a igualdade entre os participantes e estableceu as condicións da competición.

MÓVETE NA MOTO manifestou a súa vontade de adoptar todas as medidas necesarias que posibilitaron a boa orde e seguridade dos participantes, cumprimento de horarios, disciplina e espírito deportivo da competición, así como acadou os permisos que foron necesarios ante as autoridades e organismos que corresponderon, e aplicou aquelas normas e regulamentos que son de obrigado cumprimento para este tipo de propostas.

**3º.-** A 1ª proba do Campionato de España de Enduro 2023 desenvolveuse en varios espazos da cidade e nas inmediacións do estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro, sendo responsabilidade de MÓVETE NA MOTO adoptar todas as medidas de seguridade, control de aforo, evacuación, sanitarias e demais requisitos que determinaron as normativas existentes e os propios plans de evacuación/autoprotección dos recintos.

A maiores, a entidade dispuxo dun seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para dar cobertura ás posibles incidencias que puideron derivarse da organización desta competición, que deu cumprimento ao establecido na lexislación vixente de espectáculos e actividades recreativas de Galicia. Ao mesmo tempo, a entidade tiña contratado un seguro de accidentes para cubrir a asistencia sanitaria de todos os participantes, en caso de accidente deportivo.

En consecuencia, a súa organización supuxo asumir unha serie de gastos necesarios para o desenvolvemento da proba que garantiron, cando menos, o citado nos parágrafos anteriores.

**4º.-** MÓVETE NA MOTO obrigouse a publicitar a colaboración do Concello de Santiago de Compostela. En todo tipo de publicidade e información fixo constar a colaboración municipal para o desenvolvemento desta actividade mediante a inclusión, cando menos, do anagrama do Concello de Santiago en anuncios, material publicitario e cartelería en xeral, así como, nos lugares de competición.

**5º.-** MÓVETE NA MOTO comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

**5.1.-** Documentación xeral da entidade:

- a) Copia do CIF da entidade.
- b) Copia do documento de constitución.
- c) Copia dos estatutos vixentes da entidade.

No suposto de non empregar un certificado dixital de representante de persoa xurídica, tamén aportará:

- d) Acreditación da representación da persoa solicitante.
- e) NIF da persoa representante.

Se dita documentación obra xa en poder do Concello de Santiago (Departamento de Deportes) e non sufriu ningunha modificación, farase constar segundo o modelo normalizado "**DEP-NOM-A-III-01. Aproveitamento documentación preexistente**".

**5.2.-** Certificación oficial da Federación correspondente conforme autorizou a celebración da actividade, así como as datas de celebración da mesma.

**5.3.-** Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e praxe da Presidencia, do orzamento detallado de ingresos e gastos previstos para a realización da/s actividade/s.

**5.4.-** Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita, segundo modelo "**DEP-NOM-A-III-02. Autorización consulta débedas**" para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do

procedemento.

O Departamento de Deportes solicitará de oficio a certificación de estar ao corrente no pago co Concello de Santiago.

**5.5.-** Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta e no que conste o BIC e o IBAN.

**5.6.-** Declaración xurada da Presidencia de non estar incurso a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A tal efecto, haberá de cubrir o modelo **“DEP-NOM-A-III-03A. Declaración xurada Artigo 13 Lei 38-2003”**.

**5.7.-** Escrito asinado pola Presidencia da entidade no que se recolla expresamente cales son os conceptos de gastos obxecto de subvención e cantidades a incluír no apartado 7 do Convenio. Estes conceptos de gasto deberán:

- Estar directamente relacionados coa actividade e non se considerarán os de carácter estrutural e/ou inventariable.
- Figurar de modo explícito no orzamento da actividade.

A entidade cubrirá a tal efecto o modelo **“DEP-NOM-A-III-04A. Relación de conceptos de gasto do convenio”**.

**6º.-** Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada de dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais. A tal efecto, a entidade haberá de cubrir o modelo **“DEP-NOM-A-III-05A. Declaración xurada Lei Orgánica 1-1996”**.

En caso de que a actividade subvencionada non implique trato con menores, haberá de cubrir o modelo **“DEP-NOM-A-05B. Declaración xurada non aplicación Lei Orgánica 1-1996”**.

**7º.-** O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2023 a MÓVETE NA MOTO coa cantidade de **20.000.-€** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890025, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a organización da competición/actividade indicada no punto 1º deste convenio.

CONCEPTO	IMPORTE
Cartelería	108,90 €
Seguro R.C.	1.755,00 €
Dereitos proba	1.680,00 €
Xestión inscrición de pilotos	2.376,80 €
Trofeos	1.132,56 €
Arcos de meta e saída	665,50 €
Gastos ambulancias e sanitarios	13.320,00 €
Estacas de madeira para balización	108,90 €
<b>Total orzamento por estes conceptos</b>	<b>21.147,66 €</b>



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE SANTIAGO

subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado por MÓVETE NA MOTO para a actividade indicada.

**8º.-** Para facer efectivo o pago é condición necesaria que MÓVETE NA MOTO presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, a través da sede electrónica, **con data límite do 15 de setembro de 2023**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

**8.1.- Declaración asinada pola Presidencia da entidade** na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido os compromisos especificados na cláusula 4º do presente convenio. A tal efecto, cubrirase o modelo normalizado “**DEP-NOM-X-II-01. Declaración de cumprimento de compromisos do convenio**”.

Presentaranse unha **memoria detallada** con xustificantes de recortes de prensa, fotografías, resultados deportivos, así como modelos de cartaces, entradas, abonos..., se existen, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio. A tal efecto, atenderase ao establecido no modelo normalizado “**DEP-NOM-X-II-02. Memoria xustificativa actividades**”.

**8.2.- Documento coa relación detallada de todos os gastos** realizados obxecto da subvención, asinada pola presidencia da entidade, a efectos de facilitar a tramitación administrativa da xustificación do convenio, que deberán corresponderse cos conceptos de gasto e contías que figuran na cláusula 7º do presente. A tal efecto, cubrirase o modelo normalizado “**DEP-NOM-X-II-03. Relación de gastos**”.

Con carácter xeral, a relación de gastos deberá vir ordenada cronoloxicamente e por conceptos de gasto, tal e como se establece no modelo normalizado.

**8.3.- Facturas ou documentos substitutivos correspondentes a todos os gastos obxecto da subvención**, todos eles referidos ao ano 2023, **ordenadas cronoloxicamente segundo a relación de gastos indicada no apartado 8.2.** así como a acreditación do seu pagamento antes da data límite de xustificación.

Con carácter xeral presentaranse estes documentos da seguinte forma: factura ou documento substitutivo e, a continuación, xustificante/s de pagamento de dita factura ou documento substitutivo.

Excepcionalmente, baixo o criterio do Departamento de Deportes, poderán aceptarse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, nas que se fagan referencia a importes correspondentes ao ano 2023 e aboados no ano 2023, sempre e cando veñan acompañadas dos xustificantes bancarios e non existan facturas ou documentos substitutivos.

A acreditación do pago realizarase por algunha das seguintes formas:

- Preferentemente mediante transferencia bancaria, coa copia do xustificante do cargo no que deberá figurar o concepto da transferencia, o número de factura ou, de non a haber, o concepto aboadado.
- Excepcionalmente, aceptarase o pago con tarxeta, debidamente xustificado. A entidade deberá aportar certificación bancaria do extracto de movementos da tarxeta. De non quedar claro en dito documento, a entidade deberá aportar declaración aclaratoria, asinada pola Presidencia da entidade, onde se especifique o tipo de gasto, data e canta información se estime oportuna.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 7ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos da entidade para cada actividade, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificativo supere o importe

da subvención recollida no mesmo.

**8.4.- Declaración asinada pola Presidencia da entidade** na que se expresen, baixo a súa responsabilidade, as axudas, subvencións, recursos e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para o mesmo fin. A tal efecto cubrirase o modelo normalizado “**DEP-NOM-X-II-04. Declaración doutras axudas (convenios de actividade)**”.

**8.5.-** Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e prace da Presidencia, coa **liquidación do orzamento de gastos e ingresos da actividade**.

**8.6.-** No momento inmediatamente anterior ao pago e no momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

**9º.-** O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2023.

**10º.-** O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

**11º.-** Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

**12º.-** Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a entidade beneficiaria, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

**13º.-** A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto sétimo deste convenio, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

**14º.-** De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

**15º.-** O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta: **IBAN ES80 2080 5101 4830 4000 3887 (BIC CAGLESMMXXX)**.

**16º.-** Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto: na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

**17º.-** As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

**18º.-** Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:



Departamento Municipal de Deportes de *Santiago*



CONCELLO DE  
SANTIAGO

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

**19º.**-O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Por MOTOCLUB MÓVETE NA MOTO

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo  
**ALCALDE**

Asdo.: Angel Arca Canda  
**PRESIDENCIA**